



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 166 · Martes, 21 xullo 2020

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Castrelo do Val

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos nº 3/2020..... 2

##### Ourense

Regulamento do servizo público de transporte colectivo de viaxeiros..... 2

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Castrelo do Val

Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos nº 3/2020..... 2

##### Ourense

Reglamento del Servicio Público de Transporte Colectivo de Viajeros..... 12



#### IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

##### Castrelo do Val

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 16 de xuño do 2020, acordou aprobar o expediente de modificación de créditos nº 3/2020 do orzamento en vigor nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario para o exercicio 2020.

Unha vez transcurrido o prazo de exposición ao público sen que se presentasen reclamacións, enténdese aprobado definitivamente.

Procédese á publicación resumido por capítulos do estado de gastos e ingresos do orzamento:

##### Resumo orzamento por capítulos:

###### Gastos

###### Capítulo; Denominación; Importe

- 1; Gastos de persoal; 302.879,18
- 2; Gastos correntes en bens e servizos; 577.250,00
- 3; Gastos financeiros; 700,00
- 4; Transferencias correntes; 1.200,00
- 6; Inversións reais; 337.110,66
- 9; Pasivos financeiros; 20.000,00
- Total gastos: 1.239.139,84

###### Ingresos

###### Capítulo; Denominación; Importe

- 1; Impostos directos; 274.000,00
- 2; Impostos indirectos; 1000,00
- 3; Taxas, prezos públicos e outros ingresos; 79.670,00
- 4; Transferencias correntes; 608.520,00
- 5; Ingresos patrimoniais; 4.050,00
- 7; Transferencias de capital; 226.560,21
- 8; Remanente de tesourería; 30.145,28
- 9; Pasivos financeiros; 00
- Total ingresos: 1.223.945,49

Castrelo do Val, 17 de xullo do 2020. O alcalde.

*El Pleno de la Corporación, en la sesión extraordinaria celebrada el día 16 de junio de 2020, acordó aprobar el expediente de modificación de créditos nº 3/2020 del presupuesto en vigor en las modalidades de suplemento de crédito y crédito extraordinario para el ejercicio 2020.*

*Una vez transcurrido el plazo de exposición al público sin que se hubiesen presentado reclamaciones, se entiende aprobado definitivamente.*

*Se procede a la publicación resumida por capítulos del estado de gastos e ingresos del presupuesto:*

##### Resumen presupuesto por capítulos:

###### Gastos

###### Capítulo; Denominación; Importe

- 1; Gastos de personal; 302.879,18
- 2; Gastos corrientes en bienes y servicios; 577.250,00
- 3; Gastos financieros; 700,00
- 4; Transferencias corrientes; 1.200,00
- 6; Inversiones reales; 337.110,66
- 9; Pasivos financieros; 20.000,00
- Total gastos: 1.239.139,84

###### Ingresos

###### Capítulo; Denominación; Importe

- 1; Impuestos directos; 274.000,00

2; Impuestos indirectos; 1000,00

3; Tasas, precios públicos y otros ingresos; 79.670,00

4; Transferencias corrientes; 608.520,00

5; Ingresos patrimoniales; 4.050,00

7; Transferencias de capital; 226.560,21

8; Remanente de tesorería; 30.145,28

9; Pasivos financieros; 00

Total ingresos: 1.223.945,49

Castrelo do Val, 17 de julio de 2020. El alcalde.

R. 1.601

#### Ourense

##### Servizo de Transportes

Regulamento do servizo público de transporte colectivo de viaxeiros do Concello de Ourense

###### Preámbulo

A Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local establece, no seu artigo 25.2.g), a competencia do municipio para a xestión e ordenación dos servizos urbanos de transporte de persoas viaxeiras, definindo este servizo como esencial e, conforme ao artigo 26.1.d), obrigatorio en municipios de máis de 50.000 habitantes.

As competencias do Concello de Ourense nesta materia deben ser exercidas no marco da Lei 16/1987, de ordenación dos transportes terrestres e o seu regulamento aprobado polo Real decreto 1211/1990, así como da Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia.

A disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico establece, no seu ordinal primeiro, que co fin de mellorar as condicións de accesibilidade das persoas usuarias da rede de transporte público, ademais das formas de cooperación previstas na citada Lei 6/1996, do 9 de xullo, a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de mobilidade e transportes, poderá:

a) Formalizar convenios de colaboración con outras administracións públicas galegas mediante os que establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano e viceversa.

b) Igualmente, poderá elaborar e, despois de oír aos concellos interesados, aprobar plans de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano, no que se concretarán novas rutas e se fixarán novos puntos de parada e interconexión das redes urbana e interurbana de transporte público.

O artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, establece que os servizos públicos de competencia local serán xestionados da forma máis sostible e eficiente, xa sexa na modalidade de xestión directa pola propia entidade local, por un organismo autónomo local, por unha entidade pública empresarial local ou por unha entidade pública empresarial local ou por unha sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública, ou en modalidade de xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos na lexislación sobre contratación do sector público. Así mesmo, sinala que só poderá facerse uso da xestión a través dunha entidade pública empresarial local ou a través dunha sociedade mercantil local cando quede acreditado, mediante unha memoria xustificativa elaborada para o efecto, que estas formas resultan máis sostibles e eficientes que a xestión directa pola propia entidade local ou por un organismo autónomo local, para o que se deberán ter en

conta os criterios de rendibilidade económica e recuperación do investimento. Ademais, deberá constar no expediente a memoria xustificativa do asesoramento recibido que se elevará ao Pleno para a súa aprobación onde se incluírán os informes sobre o custo do servizo, así como, o apoio técnico recibido, que deberán ser publicitados. Para estes efectos, solicitarase un informe do/a interventor/a local quen valorará a sustentabilidade financeira das propostas presentadas, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Finalmente, establécese que a forma de xestión pola que se opte deberá ter en conta o disposto no artigo 9 do Estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei 7/20117, do 12 de abril, no que respecta ao exercicio de funcións que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos.

No momento da entrada en vigor deste regulamento, o servizo público de transporte colectivo de viaxeiros do Concello de Ourense préstase de forma indirecta, a través dun contrato de xestión de servizos públicos.

Este regulamento dítase no uso da potestade regulamentaria e demais facultades que os artigos 4.1.a) e 84.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, atribúen ás entidades da Administración local co obxecto de regular a prestación do servizo público de transporte urbano colectivo do Concello de Ourense, así como a regulación dos dereitos e obrigas das persoas que utilicen este transporte, as relacións entre estas e a empresa ou ente xestor do servizo e desta última co propio concello. Así mesmo, é obxectivo da regulación contida neste regulamento, avanzar e garantir a accesibilidade universal, a normalización e a autonomía persoal no acceso e utilización do transporte público por parte de todas as persoas usuarias, incluídas as persoas con diversidade funcional.

O artigo 30 do regulamento de servizos das corporacións locais, do 17 de xuño de 1955, establece que os concellos teñen plena potestade para constituír, organizar, modificar e suprimir os servizos da súa competencia. O concello é, pois, competente para establecer a regulamentación do servizo na maneira que estime conveniente, respectando o carácter de servizo esencial e obrigatorio e o dereito de toda a cidadanía á súa prestación.

De acordo co establecido no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, déixase constancia de que o texto se axusta aos principios de boa regulación, concretamente, os de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, declarándose expresamente que:

- O Concello de Ourense carecía ata a data dun regulamento que dispuxese os dereitos e deberes das persoas usuarias do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros resultando necesaria a súa aprobación.

- A regulación que se contempla neste regulamento resulta proporcionada para os fins perseguidos e é a mínima imprescindible para atender con eficiencia as necesidades que deberá cubrir.

- O texto ten plena concordancia coa normativa vixente, tanto estatal como autonómica, gozando de plena seguridade xurídica.

- Con anterioridade á súa entrada en vigor deu cumprimento aos requisitos de transparencia, mediante as preceptivas publicacións.

Declárase expresamente e para os efectos do previsto no artigo 133.4, parágrafo segundo da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que este regulamento non ten un impacto significativo na actividade económica, ao non contemplar ningunha carga económica nova para a cidadanía, nin supoñer maior gasto para

a facenda local, como tampouco impón obrigas relevantes aos seus destinatarios.

Este regulamento consta de preámbulo, cincuenta e catro artigos agrupados nun título preliminar, un título primeiro e un título segundo, así como unha disposición derogatoria e unha final.

Título preliminar

Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación do regulamento

Este regulamento ten por obxecto regular as condicións xerais de utilización do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros do Concello de Ourense.

Tamén é obxecto deste regulamento a regulación dos dereitos e obrigas das persoas usuarias deste transporte e da empresa ou ente xestor do servizo e o seu persoal empregado.

Artigo 2.- Titularidade do servizo

O transporte urbano colectivo de viaxeiros é un servizo público, de titularidade municipal, que presta o Concello de Ourense no marco das súas competencias e que se atén a este regulamento, ás normas de carácter xeral, estatal e autonómicas, que sexan de aplicación e ás demais disposicións ditas para o efecto polo Concello de Ourense.

Artigo 3.- Carácter público do servizo

O carácter de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros implica que:

a) Teñen dereito á súa utilización cantas persoas o desexen, sen outra limitación que as condicións e obrigas para o seu uso neste regulamento e a lexislación vixente na materia.

b) Seguirá as pautas de accesibilidade universal co fin de ofrecer un servizo apropiado a calquera persoa usuaria potencial, tomando en consideración a diversidade humana, os requirimentos correspondentes e as especificacións técnicas de deseño accesible.

c) Ten prioridade respecto da mobilidade, para o que o concello, como administración titular do servizo, está obrigado a facilitar a súa utilización e a circulación dos seus vehículos. Con este fin, poderá tomar as medidas axeitadas relacionadas coa prioridade semaforica ao transporte público, o establecemento dos carrís reservados necesarios para a circulación prioritaria ou exclusiva do transporte público, ou calquera outra medida que considere conveniente de modo que garanta, na medida do posible, unha velocidade comercial adecuada, procurando mellorar a calidade do servizo, tanto en regularidade, frecuencia e rapidez, así como a eficiencia no custo, ou calquera outra que poida mellorar o servizo. Para este efectos contemplaranse, na Ordenanza municipal de mobilidade e tráfico e en calquera outra normativa específica que resulte aplicable, as medidas que se consideren máis axeitadas e poranse a disposición os recursos materiais e humanos necesarios. Así mesmo, nos desenvolvementos urbanísticos cuxa importancia resulte aconsellable a xuízo dos servizos técnicos municipais, realizarase un estudo específico do transporte urbano colectivo, que inclúa posibles itinerarios, localización de paradas e a súa incorporación á rede municipal, así como a posible reserva do chan para carrís bus. Con carácter anual, o concello publicará unha memoria do servizo público de transporte urbano, con todos os datos significativos sobre o seu funcionamento e resultados.

d) Está sometido ao control na súa xestión e á súa inspección polo Concello de Ourense agás naquilo que sexa competencia propia doutras autoridades ou organismos.

Artigo 4.- Ámbito territorial e ampliación do servizo

O ámbito territorial do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros regulado neste regulamento esténdese ao termo municipal de Ourense.



Non obstante o anterior, poderá ampliarse o servizo mediante a extensión de liñas e localización de paradas nos municipios da área de influencia de Ourense, logo do convenio para o efecto cos concellos interesados e, en caso de afectar a servizos interurbanos previamente establecidos, a aprobación do correspondente plan de explotación nos termos previstos na Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación de servizos de transporte urbano e interurbano por estrada de Galicia.

#### Artigo 5.- Transporte interurbano

De conformidade co previsto na disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, o Concello de Ourense, logo da formalización do correspondente convenio de colaboración coa Xunta de Galicia poderá habilitar a extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa.

#### Título I. Transporte urbano colectivo

##### Capítulo I. Definicións, organización e xestión

#### Artigo 6.- Definicións

O transporte urbano colectivo de viaxeiros poderá ser regular e permanente, regular temporal ou regular de uso especial.

Considérase transporte urbano regular e permanente de viaxeiros, de uso xeral, o que se leva a cabo de forma continuada para atender necesidades de carácter estable e vai dirixido a satisfacer unha demanda xeral, sendo utilizable por calquera persoa interesada.

Considérase transporte urbano regular temporal:

- O que se preste de forma continuada durante un período de tempo non superior a un ano, ou por unha única vez para atender necesidades concretas de mobilidade de carácter temporal.
- Os meses que se presten de forma descontinua durante períodos de tempo repetidos non superiores a catro meses ou teñan unha configuración estacional.
- Os que se presten de forma descontinua ao longo do ano con motivo de eventos ou acontecementos periódicos.

Considérase transporte urbano regular de uso especial aquel que ten por destinatario un grupo homoxéneo ou específico de usuarios.

#### Artigo 7.- Organización e planificación

O Concello de Ourense, a través da área municipal que teña asignadas as competencias de transporte público, organizará o servizo, tanto no que se refire ás liñas, itinerarios, paradas, horarios, tarifas, títulos autorizados e a cantos aspectos se relacionen con este transporte.

Unha vez establecido ou modificado un itinerario, liña, parada ou horario, o concello determinará o día e a hora en que comezarán a prestarse os novos servizos e encargarse da súa correcta comunicación ao público en xeral polos medios que estime oportunos.

As modificacións ou suspensións temporais no servizo con motivo de obras, festexos, manifestacións ou outras causas, deberán ser postas en coñecemento do público xeral coa maior brevidade de tempo posible. No caso de que se deba a causas imprevistas ou outras circunstancias excepcionais, será o concello, a través dos axentes da autoridade, quen determine as medidas oportunas que se adoptarán. Para a correcta comunicación, utilizaranse os medios e recursos establecidos neste regulamento, así como calquera outro medio que se considere oportuno en función da importancia de cada incidencia, en todo caso, publicaranse na páxina web municipal e, de ser o caso, na da empresa adjudicataria da xestión do servizo.

#### Artigo 8. - Xestión do servizo

A prestación do servizo de transporte colectivo de viaxeiros do Concello de Ourense poderá xestionarse de forma directa por calquera das modalidades sinaladas no artigo 85.2 da Lei

7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local ou de forma indirecta a través do contrato de xestión de servizos públicos previsto na lexislación sobre contratación do sector público.

A xestión directa a través dunha entidade pública empresarial local ou a través dunha sociedade mercantil local deberá ser acordada polo Pleno e só procederá cando quede acreditado, mediante unha memoria xustificativa elaborada para tal efecto, que estas formas resultan máis sostibles e eficientes que a xestión directa pola propia entidade local ou por un organismo autónomo local, para o que se deberán ter en conta os criterios de rendibilidade económica e recuperación do investimento, e deberá constar, ademais, no expediente a memoria xustificativa do asesoramento recibido.

A xestión indirecta realizarase mediante a contratación dunha empresa ou ente xestor e nas condicións establecidas no contrato vixente de cada momento, sendo competencia da Xunta de Goberno local a aprobación do citado expediente de contratación.

#### Capítulo II

##### Título de transporte e tarifas

#### Artigo 9.- Títulos de transporte e normativa de utilización

Todo usuario deberá estar provisto, desde o inicio da viaxe, dun título válido de transporte que deberá obter ou, de ser o caso, validar ao entrar no autobús e conservar durante toda a viaxe, coa obriga de poñelo a disposición do persoal da operadora do servizo cando sexa requirida a súa exhibición. Quedan exentos desta obriga os menores de catro anos.

Son títulos de transporte válidos os que en cada momento sexan aprobados polo Concello de Ourense para a súa utilización no servizo, con validez en toda a rede de transporte e que figuren no cadro de tarifas.

Os títulos de transporte serán retirados polo persoal da empresa ou outros axentes de inspección e acompañarán, de ser o caso, a denuncia correspondente, cando sexan utilizados de forma incorrecta ou fraudulenta, así como cando caducase o seu prazo de vixencia, ben por cambio de tarifas, ben por calquera outra circunstancia, e entregaráselle á persoa correspondente un xustificante desta retirada onde figurará o seu motivo.

#### Artigo 10. - Tarifas e a súa clase

As tarifas e as distintas modalidades de billetes e títulos de transporte poderán ser modificados polo Concello de Ourense para atender as necesidades das persoas usuarias e estableceranse na correspondente ordenanza fiscal do servizo.

##### Capítulo III. Dos dereitos e obrigas das persoas usuarias e das condutas prohibidas

#### Artigo 11.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas que utilicen o servizo de transporte colectivo, serán titulares dos dereitos establecidos por todas e cada unha das disposicións vixentes, ditadas con carácter xeral en materia de transportes e especificamente dos establecidos neste capítulo, así como dos que resultan das restantes disposicións deste regulamento. En especial, son dereitos das persoas usuarias os seguintes:

a) Ser transportadas conforme ás condicións da oferta do servizo establecidas e programadas con carácter xeral, segundo a cantidade e frecuencia de servizo adaptada á demanda social existente, de acordo cos parámetros de racionalidade económica, condicionados en todo caso ao interese xeral do transporte colectivo como servizo público.

b) Dispoñer de información clara, comprensible e veraz, coa publicidade e antelación suficiente, polo medios establecidos para iso, no relativo a materiais como modificación de liñas, itinerarios, paradas, tarifas ou cambios nos títulos de transporte.

c) Desfrutar de prestacións que melloren o acceso, o uso e confortabilidade do servizo para todas as persoas usuarias, así como, a que se teñan en conta as súas propostas nesta materia.

d) Ao correcto estado técnico de funcionamento da frota de autobuses, así como ao normal funcionamento dos dispositivos de acceso e confort destes. As avarías circunstanciais que prexudiquen o establecido anteriormente deberán ser resoltas con eficacia e dilixencia pola empresa.

e) Ás innovacións tecnolóxicas dirixidas á mellora na calidade e universalidade do servizo ou do medio ambiente.

f) Recibir un trato correcto por parte do persoal da empresa, que deberá atender as peticións de axuda e información que lle sexan propostas, en asuntos relacionados co servizo.

g) Solicitar e obter nos autobuses, nas oficinas da empresa e nos centros de atención ao público dispostos por esta, o libro ou follas de reclamación, nos que poderán formular calquera reclamación sobre a prestación do servizo.

h) Recibir contestación do concello e/ou da operadora do servizo, nos prazos establecidos neste regulamento, á reclamación efectuada.

i) Desfrutar de comodidade, hixiene e seguridade no servizo.

j) Estar amparados polos seguros obrigatorios que correspondan a este tipo de transporte.

k) Obter o reintegro do importe da viaxe en caso de suspensión do servizo, nos termos do artigo 44 deste regulamento.

l) Estar acompañado de cans guía e de asistencia (entre eles, cans de protección ás vítimas de violencia machista) que estean acreditados para estas funcións por centros homologados. Estes animais poderán viaxar, nas condicións que establezan na normativa de aplicación en todo momento, xunto á persoa que as asisten.

m) Acceder con vultos de man, equipaxes, carros de compra ou outros elementos, sempre que non supoñan unha molestia para o resto de persoas usuarias ou para o vehículo, de acordo co establecido neste regulamento.

n) Viaxar portando bicicletas ou vehículos de mobilidade reducida sen pagar un suplemento nos termos establecidos neste regulamento e de acordo coa normativa de aplicación.

o) Viaxar con coches e cadeiras infantís sen pagar suplemento, de acordo co establecido neste Regulamento.

Artigo 12.- Obrigas das persoas usuarias

As persoas que utilicen o servizo de transporte colectivo, terán as obrigas por todas e cada unha das disposicións vixentes ditadas con carácter xeral en materia de transportes e especificamente, as establecidas neste capítulo, así como as que resulten das restantes disposicións deste regulamento. En especial, son obrigas das persoas usuarias as seguintes:

a) Seguir, en todo o relacionado co servizo e as súas incidencias, as indicacións do persoal da empresa, do persoal de inspección e dos carteis e recomendacións colocados á vista.

b) Aceptar o criterio do persoal condutor do vehículo en caso de que se produza.

c) Subir ou baixar do vehículo só cando este se atope detido na parada, respectando a quenda que lle corresponda segundo a orde de chegada a esta e descender de maneira ordenada.

d) Acceder ou descender dos vehículos polas portas destinadas para iso e facilitar a circulación das demais persoas no interior destes. Para estes efectos procurarán, tras adquirir o título de transporte, situarse na proximidade das portas de saída facilitando o acceso das persoas que queiran ascender ao vehículo.

e) Comunicar coa suficiente antelación a solicitude de parada para descender, facendo uso dos medios técnicos dos que dispoña o vehículo.

f) Á hora de subir ao autobús, respectar a quenda que lle corresponda segundo a orde de chegada á parada, absténdose de ascender cando fose advertido polo persoal condutor de que o vehículo está completo.

g) Respetar as reservas de asento e espazos de utilización preferente, cedendo e facilitando o seu uso ás persoas con mobilidade reducida cando estas o requiran. Permítese acceder aos vehículos portando animais de compañía, sen pagar suplemento, suxeitos nos receptáculos idóneos, sempre que non supoñan molestias ou perigo para o resto dos usuarios ou para o vehículo. No caso dos cans deberán viaxar con correa e bozo e deitados baixo o mesmo asento que ocupe o seu propietario, entre a porta dianteira e a central. Nunca poderá haber máis de dous animais dentro do autobús e a súa ocupación estará supeditada a criterio do persoal da empresa. Os cans poderán viaxar todos os días da semana durante o servizo agás os días laborables entre as 7.30 e 10.00 e entre as 16.00 e 19.00 horas. O animal de compañía deberá posuír título acreditativo para uso de transporte público outorgado pola Administración local ou pola concesionaria do servizo, logo da presentación por parte da persoa propietaria de seguro, certificado veterinario sobre vacinas e no caso de animais con uso de microchip, da súa posesión.

h) Cumprir as condicións establecidas neste regulamento no caso de viaxar con menores con ou sen coches ou cadeiras infantís e responsabilizarse da súa seguridade.

i) Cumprir as condicións establecidas no caso de portar vultos, bicicletas e outros obxectos.

j) No caso de acceder ao autobús en cadeira de rodas ou vehículo homologado de uso análogo, a ocupar o espazo destinado para tal fin na plataforma central do autobús, e ir suxeita coas fixacións e sistemas de seguridade dispoñibles.

k) Non obstaculizar a circulación doutras persoas no interior dos vehículos.

l) Tratar os vehículos co maior coidado, absténdose de manipular, sen causa xustificada, calquera dispositivo, en particular os de seguridade e socorro instalados neste para utilizar en caso de emerxencia.

m) Responder dos danos que unha incorrecta utilización dos servizos, dos vehículos e das paradas ou a imprudente localización dos seus bens, ocasionen nos elementos afectos ao servizo ou ao resto das persoas usuarias.

n) Atoparse nunhas condicións hixiénico - sanitarias, que eviten o risco de contaxio ou de incomodidade, mesmo por olores, ao resto de persoas que viaxan no vehículo.

o) Utilizar e recibir información en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

p) Entregarlle á persoa condutora os obxectos que outras persoas usuarias esquezan no interior do autobús.

Artigo 13.- Condutas prohibidas

Quedan expresamente prohibidas as seguintes condutas:

a) Acceder ao vehículo sen título de transporte autorizado.

b) Acceder ou abandonar o vehículo fóra das paradas establecidas ou mentres se atopa en movemento sen causa xustificada.

c) Acceder ao vehículo cando o persoal condutor advirta que se completou a súa ocupación.

d) Acceder en estado de embriaguez ou baixo os efectos de estupefacientes podendo alterar o normal funcionamento do servizo.

e) Viaxar nos espazos non habilitados para iso.

f) Falarlle ao persoal condutor mentres o vehículo estea en marcha, agás por razóns de necesidade relacionadas co servizo.



g) Fumar, consumir bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas. Dentro desta prohibición están incluídos os cigarros electrónicos ou vapeadores.

h) Comer no interior dos vehículos ou portar vasos ou botellas abertas que poidan alterar as condicións de limpeza dos vehículos ou producir molestias a outras persoas.

i) Escribir, pintar, ensuciar ou danar en calquera forma o interior e/ou exterior dos vehículos, así como tirar ou guindar desperdicios.

j) Acceder con vultos ou outros obxectos que non cumpran as condicións establecidas neste regulamento.

k) O acceso aos autobuses con animais que non estean contemplados neste regulamento ou na lexislación vixente.

l) Utilizar aparatos de reprodución de son a un volume que lles poida resultar molesto ás demais persoas, só se poderá utilizar mediante sistemas de audición individualizada.

m) Provocar calquera tipo de discusión ou altercado cos restantes viaxeiros ou co persoal da empresa.

n) Distribuír pasquís, folletos e calquera clase de propaganda ou publicidade, agás que fosen expresamente autorizados polo concello.

o) Practicar a mendicidade dentro dos vehículos.

p) Calquera outra que resulte do disposto neste regulamento.

O persoal condutor non permitirá a entrada ou de ser o caso, ordenará a saída do vehículo, sen dereito á devolución do importe do billete, a toda persoa que incumpra as prohibicións sinaladas. Se o incumprimento se producise dentro do vehículo, requiriralle para que se ataña ao regulamento ou descenda do vehículo na seguinte parada. De persistir en desatender as indicacións, o persoal condutor notificará lle aos servizos de inspección ou ás autoridades municipais para que tomen as medidas oportunas.

Capítulo IV. Condicións xerais de utilización

Artigo 14.- Autoridade e responsabilidade no servizo

a) Persoal condutor

O persoal condutor é o máximo e inmediato responsable do autobús durante a prestación do servizo. As persoas usuarias deberán atender as observacións ou recomendacións que, en cada caso, poida realizar en relación co modo de prestación do servizo.

O persoal condutor está facultado para prohibir o acceso ao autobús e solicitar o descenso deste ás persoas que incumpran este regulamento, podendo en todo caso esixir o seu cumprimento e requirindo para tales fins, se o estimar necesario, o concurso de calquera axente da Policía Local.

b) Persoal de inspección

O persoal de inspección vixiará o cumprimento deste regulamento e para iso realizará a axeitada inspección e, de ser o caso, a denuncia dos actos que o contraveñan, incluída a exhibición do título de transporte e poderá, se for o caso, solicitar o auxilio da Policía Local.

Poderá reter o título de transporte, no caso da súa utilización fraudulenta, e depositalo nas oficinas da empresa, entregando o correspondente xustificante.

O persoal condutor e de inspección da operadora poderán informar a Policía Local sobre aqueles vehículos que se atopan estacionados ilegalmente ocupando as paradas ou carrís reservados ao transporte público e achegará a documentación probatoria para que a denuncia poida ser tramitada efectivamente.

O concello poderá dispor de persoal propio para realizar labores de inspección.

Artigo 15.- Liñas e paradas

A prestación do servizo estrutúrase a través de percorridos e itinerarios acoutados que reciben o nome de liñas. Os percorridos das liñas así como o número de paradas e a súa localización

serán determinadas polo Concello de Ourense, a través da área municipal que teña asignadas as competencias de transporte público.

As paradas clasifícanse en “de liña” ou “cabeceiras”.

Serán consideradas como “paradas de liña” aquelas paradas que forman parte do itinerario da liña e que non teñen carácter obrigatorio agás que haxa persoas á espera ou se solicite desde o interior do vehículo.

Serán “cabeceiras” aquelas paradas que determinan o final ou principio da liña e serán os puntos definitivos de regulación do servizo.

As paradas antiacoso estarán dispoñibles no servizo de transporte público para as mulleres da cidade que no horario nocturno así o requiran, poderán solicitarlle ao condutor a parada do autobús no punto que desexen para desta maneira aumentar a seguridade na volta aos seus domicilios ou desprazamentos.

Artigo 16.- Sinalizacións das paradas

Todas as paradas, que serán de uso exclusivo para o autobús urbano, deberán estar sinalizadas con algún tipo de poste vertical e/ou marquesiña, nas que deberá constar a información de todas as liñas que conflúan nela. As sinalizacións de paradas terán que ser claras e localizarse en lugares visibles.

Calquera alteración na localización dunha parada deberá ser posta en coñecemento do público na parada ou paradas afectadas na maior brevidade posible e sempre antes de que esta se produza.

Todos os elementos instalados nas paradas deberán manterse en conveniente estado de decoro e hixiene e en perfectas condicións que aseguren a súa correcta utilización.

En todo caso, as instalacións fixas na vía pública observarán as instrucións e ordenanzas municipais.

Artigo 17.- Información nas paradas

Nas marquesiñas e postes de parada figurarán os números das liñas correspondentes. Ademais, nas marquesiñas, haberá un plano da cidade con todas as liñas, itinerarios, paradas e horarios.

En todos os puntos de parada deberá existir información actualizada e suficiente, que incluírá, en todo caso, un esquema do percorrido das liñas que incidan no citado punto, así como as horas de comezo e terminación do servizo, a súa frecuencia, as tarifas en vigor, a normativa vixente de uso do transporte público e demais información que o operador crea oportuna.

Se a frecuencia é a intervalos iguais ou maiores de 20 minutos, indicaranse os seus horarios concretos. Así mesmo, figurará o teléfono, así como calquera outro medio de contacto, tal como o electrónico, do que dispoña a empresa para consultas e reclamacións.

Artigo 18.- Parada e estacionamento nas paradas

Nas paradas comúns a varias liñas, cando coincidan dous ou máis autobuses, entenderase que non deberán abrir as portas ata alcanzar a primeira posición á altura do sinal de parada.

O tempo de detención nas paradas de liña será o estrictamente necesario para permitir a subida e baixada das persoas.

Durante o estacionamento nas cabeceiras, o persoal condutor deterá o motor do vehículo, porao en marcha un minuto antes da saída. Por motivos de seguridade, prohibese o estacionamento do autobús fóra da parada, así como a recollida e baixada de persoas fóra desta, agás por causas de forza maior. En ningún caso se permitirá manter o vehículo estacionado co seu condutor ausente e o motor en marcha.

Artigo 19.- Detención dos autobuses nas paradas

As manobras de parada e reincorporación ao tráfico efectuaranse coa maior atención e dilixencia, procurando evitar manobras bruscas e de acordo co disposto na normativa vixente.

As paradas efectuaranse situando o vehículo en paralelo coa beirarrúa e do modo que menos prexudique ao resto do tráfico

rodado e peonil, agás que, por motivos de promoción do transporte público, a ordenación do tráfico establecida na vía pública sinala unha prioridade a favor do transporte urbano.

#### Artigo 20.- Acceso e baixada do autobús

Por regra xeral, todas as persoas, unha vez parado o autobús, accederán a este pola porta dianteira e descenderán pola porta central e/ou traseira. As excepcións a esta norma serán as reguladas neste regulamento.

Terán sempre prioridade as persoas que descendan do autobús, en ningún caso se poderán subir ou baixar do autobús cando este se atope en marcha.

#### Artigo 21.- Transporte de menores de idade

Para o efecto do cómputo de prazas e da cobertura dos seguros obrigatorios establecidos pola lexislación de tráfico, todas as persoas, mesmo menores de idade, que viaxen soas ou acompañadas, deberán estar provistas de título de transporte, agás as menores de catro anos.

As nenas e nenos menores de oito anos deberán viaxar acompañados en todo momento por unha persoa adulta que se responsabilizará da súa seguridade. Considerarase que o resto de menores de idade que accedan ao vehículo sen a compañía dunha persoa maior de idade, foron autorizados pola persoa ou persoas que exercen a súa titoría para todos os efectos e polo tanto viaxarán.

#### Artigo 22.- Acceso con coches e cadeiras infantís

Os coches e cadeiras infantís serán admitidos en todos os autobuses sempre que, o/a menor vaia debidamente suxeito/a ou que se porten pregadas. Se as prazas destinadas a cadeiras de rodas ou vehículos homologados para persoas con mobilidade reducida estivesen ocupadas, poderase acceder ao autobús co coche ou cadeira pregada sempre que exista espazo para iso.

A persoa que conduza o coche ou a cadeira accionará o seu freo na plataforma central do vehículo, situándoa nunha posición contraria respecto ao sentido da marcha, en todo caso, os coches e cadeiras situaranse no autobús sen dificultar o tránsito de persoas. O número máximo de coches e/ou cadeiras infantís será de dous por autobús e un nun microbús.

En todos os casos e para todos os efectos, quen conduza o coche ou a cadeira será o seu responsable durante todo o traxecto, o acceso e a baixada nas paradas, e será obrigatorio mantelos suxeitos durante toda a viaxe.

Quen porte un coche ou cadeira infantil, accederá pola primeira porta do autobús e terá permanencia de paso respecto ao resto de persoas que agarden nas paradas, pero respectando a preferencia para acceder ao autobús das persoas que se despracen en cadeira de rodas ou vehículos homologados de uso análogo. De non ser posible ou supoñer unha especial dificultade este acceso pola primeira porta, o persoal condutor, se o considerar conveniente, facilitará o seu acceso pola segunda porta do autobús.

#### Artigo 23.- Acceso con vultos de man

Poderase acceder con vultos de man, equipaxes, carros da compra e outros elementos de pequeno tamaño comunmente utilizados e admitidos, coas limitacións establecidas neste regulamento. As bicicletas transportadas polo/a viaxeiro/a terán a consideración de vulto de man. Soamente se admitirá unha bicicleta por persoa e un máximo de dúas bicicletas no vehículo de maneira simultánea; non se pagará suplemento e sempre terán preferencia á hora do acceso e ocupación da plataforma dentro do autobús as persoas en cadeira de rodas e aquelas que leven menores en coche ou cadeiras antes que as bicicletas.

Como norma xeral o seu tamaño non poderá exceder dunha medida superior a 85x70x35 cm.

A información sobre esta limitación deberá exporse nun lugar visible dentro do autobús.

Non se poderá acceder ao vehículo con vultos de man, obxectos, elementos e equipaxes ou aparellos de calquera tipo ou natureza que polas súas dimensións, peso ou características físicas, olor ou outras, sexan susceptibles de causar molestias, impedir o libre desprazamento dentro do vehículo por outras persoas ou poidan prexudicar os sistemas operativos e de navegación incorporados ao autobús ou non reúnan as condicións específicas que lles sexan de aplicación.

#### Artigo 24.- Capacidade dos vehículos

Nun lugar visible do interior do vehículo farase constar o número de prazas sentadas e o número máximo de persoas de pé que poida levar o vehículo, sen que en ningún caso poida superarse a capacidade máxima recomendada polo fabricante.

Se o vehículo chega á parada “completo” non abrirá a porta dianteira. Instalarase un indicativo de “completo” claramente visible por quen agarde o autobús. No caso de que existan algunhas prazas libres, o persoal condutor indicará cantas persoas poden acceder, indicación esta que será rigorosamente observada.

#### Artigo 25.- Información nos vehículos

Ademais dos supostos específicos contemplados neste regulamento, no interior dos vehículos expóranse as tarifas e as condicións de uso do servizo, o importe da sanción prevista neste regulamento para a persoa que careza de título de transporte válido, así como un extracto das disposicións deste regulamento e a indicación da existencia do libro ou follas de reclamacións.

Os elementos de identificación da liña en que se presta servizo, colocaranse no exterior do vehículo, de maneira visible e lexible, tanto na parte frontal como no lateral dereito. Na parte traseira unicamente deberá figurar o identificador da liña.

#### Artigo 26.- Publicidade nos vehículos

A publicidade nos vehículos de transporte público non deberá afectar aos espazos de visión do persoal condutor, nin dificultar a identificación dos autobuses como vehículos de transporte urbano público.

Esta publicidade respectará a lexislación vixente na materia e, en todo caso, queda prohibida aquela de contido discriminatorio, xenófobo, sexista, vexatorio ou calquera outro que atente contra a dignidade da persoa polas súas circunstancias persoais ou sociais.

#### Artigo 27.- Inspección municipal do servizo

O concello poderá realizar os labores de inspección oportunos, a través de persoal de inspección municipal debidamente acreditado, que terá libre acceso aos autobuses, locais e dependencias da empresa e deberán selle facilitar cantos datos precisen relacionados co funcionamento do servizo.

Os axentes de Inspección Municipal do Servizo estarán cualificados como axentes da Autoridade. A Policía Local poderá actuar no interior dos autobuses como en calquera outro lugar do termo municipal.

#### Capítulo V. Accesibilidade universal

##### Artigo 28.- Promoción da accesibilidade

En aplicación da normativa sobre accesibilidade universal, os vehículos que se incorporen ao servizo estarán dotados de sistemas de accesibilidade que deberán estar dispoñibles e accionables. Promoverase a utilización de sistemas visuais e auditivos que faciliten a utilización de timbres de aviso e sistemas de seguridade, tanto no mobiliario das paradas como noutros medios utilizados para a información sobre a rede de transporte público urbano, tales como páxinas web ou sistemas para móbiles.



Promoverase a utilización de medios que faciliten o uso axeitado do transporte de maneira que a información sexa accesible e comprensible para todas as persoas usuarias.

Realizarase unha avaliación anual en termos de accesibilidade por parte do Concello de Ourense en colaboración coas asociacións e colectivos sociais para tratar de solucionar os posibles problemas detectados e dar solucións que logren a mellora e a adaptación constante do servizo ás necesidades da cidadanía.

#### Artigo 29.- Persoas usuarias con mobilidade reducida

Enténdese como persoas con mobilidade reducida, para os efectos deste regulamento, as que se desprazan en cadeiras de rodas ou vehículos homologados de uso análogo, con membros inmovilizados, escaiolados ou con muletas; as persoas de idade avanzada con problemas para desprazarse ou que non poidan desprazarse con autonomía; as mulleres en estado de xestación; quen leve nos seus brazos a menores e, en xeral, as persoas que, polas súas circunstancias persoais, non poidan viaxar de pé sen risco para si mesmas ou para terceiros.

#### Artigo 30.- Acceso de persoas con mobilidade reducida

O acceso das persoas con mobilidade reducida deberá realizarse garantindo a súa máxima seguridade e de acordo coa normativa de aplicación.

Quen se desprace con cadeira de rodas ou vehículo homologado de uso análogo accederá pola porta habilitada para iso, con carácter xeral a intermedia dos autobuses, unha vez accionada a rampla de acceso e situarase nos espazos reservados para tal efecto e será obrigatoria a utilización dos cintos de seguridade existentes.

O número máximo de cadeiras ou vehículos homologados que poderán acceder ao autobús é de dous, agás que a ficha técnica do vehículo fixe un número inferior ou superior. Terán preferencia no acceso ao autobús respecto de quen acceda con coches ou cadeiras infantís. As persoas con mobilidade reducida que non poidan subir o chanzo de acceso ao vehículo indicaranllo ao persoal condutor que, de o considerar conveniente, lles facilitará o embarque e poderán acceder e descender pola porta cuxa utilización lles proporcione maior comodidade e obriegue a realizar un menor esforzo físico.

Para facilitar o acceso de persoas cegas ou con baixa visión aos vehículos terase en consideración o seguinte:

- Nas paradas instalárase pavimento podotáctil para a detección por bastón branco desde a fachada que dirixe cara á porta do autobús
- As paradas disporán de información acústica que advirta da presenza dos autobuses.
- O condutor abrirá a porta de acceso á altura da persoa con bastón branco sempre que esta estea colocada correctamente na parada.
- No caso de dobres paradas, o segundo bus deberá volver abrir a porta diante da persoa con bastón branco.
- O autobús indicará de forma sonora o número de liña ou ruta no momento de abrir as portas se o condutor detectase a presenza de viaxeiros con bastón branco.
- Por megafonía no interior dos buses indicárase o nome das paradas.

#### Artigo 31.- Reserva de asentos

Os asentos do vehículo serán ocupados libremente sen preferencia ningunha, agás os expresamente reservados para persoas con mobilidade reducida.

Reservarase para uso prioritario de persoas con mobilidade reducida, cando menos dous espazos para cadeiras de rodas, excepto se na ficha técnica do vehículo se fixa un número inferior, así como un mínimo de catro asentos próximos ás portas de acceso, adecuadamente sinalizados e accesibles aos timbres

e sinais de parada. Estes asentos poderán ser ocupados con carácter xeral por calquera persoa usuaria do servizo, mentres se atopen libres e non sexan requiridos por algunha persoa para os que están especialmente reservados. En caso de utilización indebida, corresponderalle ao persoal condutor tomar as medidas oportunas para garantir a súa correcta ocupación.

#### Artigo 32.- Pagamento da viaxe por persoas con mobilidade reducida

As persoas con mobilidade reducida estarán sometidas ao mesmo réxime tarifario que o resto das persoas viaxeiras, a menos que dispoñan do título de transporte específico. As persoas que utilicen cadeira de rodas ou vehículos homologados deberán realizar o pagamento da viaxe a través dunha máquina canceladora situada nos espazos reservados para as citadas persoas; se esta non existir, o pagamento realizarase a través dunha terceira persoa para evitar así desprazamentos polo interior do vehículo.

#### Capítulo VI. Obrigas da operadora prestadora do servizo e o seu persoal

##### Artigo 33.- Información

O concello, a través da área municipal que teña asignadas as competencias en materia de transporte público ou, de ser o caso, a través da operadora do servizo, será responsable de manter unha información correcta e continuada de todo o referente ao servizo de transporte urbano colectivo e fomentar os medios que permitan o acceso universal á información existente.

Neste sentido será responsable de que exista unha información axeitada, cando menos a establecida neste regulamento, tanto no interior e exterior dos vehículos, como nas paradas, paneis informativos e marquesiñas, e deberá dispor de cando menos unha páxina web na que se informará de maneira constante e actualizada, sobre as características do servizo, modificacións e suspensións temporais así como de calquera outra posible incidencia.

En todo caso, deberase fomentar o acceso á información cos medios técnicos e tecnolóxicos que resulten axeitados tanto na actualidade como no futuro e que favorezan a consulta.

##### Artigo 34. - Calidade do servizo de transporte urbano

A operadora será responsable de garantir a calidade do servizo tomando para iso as medidas necesarias que permitan a súa correcta organización e prestación. Entre as medidas que se adoptarán, encargarase de establecer un sistema de avaliación da satisfacción das persoas usuarias e de presentarlle ao concello as propostas necesarias para a corrección de cantas incidencias, deficiencias ou causas de insatisfacción se detecten.

##### Artigo 35. - Obrigas do persoal da operadora do servizo

A operadora prestará exacta atención ao cumprimento do disposto neste regulamento e no resto da normativa vixente en materia de transporte, seguridade viaria, accesibilidade e calquera outra que poida ter repercusión no servizo.

Igualmente, será responsable de facer cumprir ao seu persoal coas súas prescricións, das que resulten da súa normativa interna e outras que poida establecer o concello na prestación do servizo.

